



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE MAIO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MAGDALENA PEREZ VILLAR
JESÚS ROMERO CARRACELAS

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia os Concelleiros:
MANUEL PÉREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

M^a CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:39 horas do día 26.05.2023, réunense os membros da Xunta de Goberno Local arriba relacionados co obxecto de realizar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte o COVID-19, publicado no BOE no 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que da fe do acto, así como do cumprimento dos restantes requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DO 05.05.2023 E 12.05.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas da sesións realizadas en data 05.05.2023 e 12.05.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.



2. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2022/U007/000002

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2022/U007/000002

EXP. RELACIONADOS:	Expediente nº 2015/U022/000004 (Licenza de Edificación) Expediente nº 2023/U022/000008 (Modificación da Licenza de Edificación)
--------------------	--

Visto que con data 07/03/2023 (rex. entrada nº 202299900000499) Dna. Alejandra Vecino Pérez, actuando en representación de OPERIS, OBRAS Y MANTENIMIENTO, S.L., presenta solicitude de licenza de primeira ocupación de edificio sito en rúa Huertas 3,(referencia catastral nº 6047513NJ7364N0001LY).

Vista a documentación do expediente, sendo emitido informe técnico favorable por parte do Arquitecto Técnico municipal en data 12/05/2023 e informe xurídico de lexislación e procedemento da Técnico de Administración Xeral en data 24/05/2023.

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Conceder a licenza de primeira ocupación a OPERIS, OBRAS Y MANTENIMIENTO, S.L., para o edificio sito en rúa Huertas 3 (ref. catastral 6047513NJ7364N0001LY.)

2º) Notificar o presente acordo ao interesado.

En Cedeira, asinado dixitalmente polo Sr Alcalde Pablo Diego Moreda Gil.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. MODIFICACIÓN DO DOCUMENTO DE INTERPRETACIÓN DO PXOM APROBADO POR ACORDO DA XGL NA DATA 02.12.2008

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Asunto: Modificación do documento de interpretación do PXOM aprobado por acordo da XGL na data 02.12.2008

Expte: 2023/U038/000001

ANTECEDENTES



1.- Con data 02.04.2023 dítase providencia de Alcaldía pola que se dispón incoar expediente de modificación do documento de interpretación do PXOM, realizado por Monteoliva Arquitectura S.L.P e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2008, no relativo á parcela sita en R/ Río da Veiga con referencia catastral 6844301NJ7364S0001SF.

2.- Con data 31.03.2023 (rex entrada nº 202399900000765) D. Ángel Luis Monteoliva Díaz, en representación de Monteoliva Arquitectura S.L.P, remite informe técnico de data 27.03.2023 sobre o cumprimento da condición de solo urbano consolidado de parte da parcela con referencia catastral 6844301NJ7364S0001SF.

3.- Con data 21.04.2023 emite informe técnico o arquitecto municipal no que para a modificación do documento de interpretación do PXOM con respecto a unha parte da parcela con referencia catastral 6844301NJ7364S0001SF achega os planos modificados afectados pola modificación:

- Urbano 11_rev01.pdf
- Urbano 03_rev01.pdf
- Urbano 04_rev01.pdf

4.- Con data 23.05.2023 emite informe xurídico a secretaria municipal.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O PXOU de Cedeira foi publicado o 14 de xuño de 1995 no BOP nº 135 e trátase dun Plan non adaptado nin ás derogadas Lei 1/1997, do Solo de Galicia, nin á lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nin á actual Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Esta situación normativa produciu múltiples problemas interpretativos en dúas clases de solo: solo urbano e núcleo rural. En concreto no solo urbano o PXOU transitoriamente vixente non distingue entre solo urbano consolidado e non consolidado polo que co fin de solucionar esta problemática a Xunta de Goberno Local no acordo de data 02.12.2008 declara que a interpretación do PXOU de Cedeira, en aplicación da D.T 1ª da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, realizarase respecto do solo urbano- consolidado e non consolidado- e dos núcleos rurais de acordo cos traballos realizados por Monteoliva Arquitectura S.L .

Segunda.- A D.T.1ª da derogada Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establecía o réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado do seguinte xeito:

“...Os plans de ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei conservarían a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación aos preceptos desta lei, consonte as seguintes regras:

(...)

b) Ao solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12º.a) desta lei aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar a ordenación establecida no planeamento vixente.

c) Ao resto do solo urbano e, en todo caso, ao incluído en polígonos, unidades de execución ou de actuación dos municipios con planeamento non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselles o disposto por esta lei para o solo urbano non consolidado e poderá executarse de acordo coa ordenación establecida polo planeamento vixente no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Transcorrido este prazo sen que sexa aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución,



serán aplicables os límites de edificabilidade establecidos por esta lei para o solo urbano non consolidado, sendo o ámbito de referencia para a aplicación desta limitación o polígono ou a unidade de execución ou de actuación...”

Na actual Lei 2/2016 do solo de Galicia establece na Disposición transitoria 1ª o réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado do seguinte xeito:

“...2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado...”

Terceira.- Segundo se refire na providencia de alcaldía de data 12.04.23 a parcela situada en R/Río da Veiga (ref. catastral 6844301NJ7364S0001SF) podería cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Sanidade para a ubicación nela do edificio dun novo Centro de Saúde, sendo adoptado con data 26 de outubro de 2022 acordo plenario de cambio de uso da referida parcela a sanitario- asistencial (uso principal) e deportivo- recreativo (uso complementario). A referida parcela identifícase no documento de interpretación do PXOM acordado pola Xunta de Goberno Local na data 02.12.2008 como solo urbano non consolidado se ben a súa situación urbanística actual variou con respecto ao análise realizado no ano 2008 polo que se incoa expediente de modificación do referido documento de interpretación do PXOM.

Con data 31.03.2023 (rex. entrada 202399900000765) D. Ángel Luis Monteoliva Díaz, en representación de Monteoliva Arquitectura S.L.P emite informe no que se analiza parte da parcela con referencia catastral 6844301NJ7364S0001SF verificando que con respecto a esa parte da mesma se executou unha urbanización que completa a inserción da peza na malla urbana respecto á análise elaborada no ano 2008 polo que se considera convinte unha revisión do documento de interpretación ao abeiro do previsto no art. 17 e 18 da Lei 2/2016. Conclúese no informe de Monteoliva Arquitectura S.L.P que a parte analizada da parcela con referencia catastral 6844301NJ7364S0001SF reúne as características esixidas na Lei 2/2016 para a súa consideración como solo urbano consolidado.

Con data 21.04.23 o arquitecto municipal emite informe técnico no que para a modificación do documento de interpretación do PXOM con respecto a unha parte da parcela con referencia catastral 6844301NJ7364S0001SF achega os planos modificados afectados pola modificación:

- Urbano 11_rev01.pdf
- Urbano 03_rev01.pdf
- Urbano 04_rev01.pdf

Polo exposto PROPOÑO que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte ACORDO:

1.- Modificar o documento de interpretación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2008 nos termos expostos.

2.- O documento estará dispoñible na páxina web do concello (www.cedeira.gal)”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN ECUESTRE “A CRINA” DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN ECUESTRE “A CRINA” DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación ecuestre "A Crina" de Cedeira, con NIF G15936719 para o ano 2023.

O 19 de maio de 2023 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 3.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 22 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.500,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, Asociación ecuestre "A Crina" de Cedeira, con NIF G15936719.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ANPA PICAPEIXE DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ANPA PICAPEIXE DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a ANPA Picapeixe de Cedeira, con NIF G15043193 para o ano 2023.

O 19 de maio de 2023 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3232.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 22 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 10.000,00€, con cargo a aplicación 3232.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, ANPA Picapeixe de Cedeira, con NIF G15043193.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN AMIGOS DOS RÍOS DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN AMIGOS DOS RÍOS DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Amigos dos Ríos de Cedeira (ARCE), con NIF G70521745 para o ano 2023.

O 19 de maio de 2023 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 5.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 22 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.



Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 5.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, a Asociación Amigos dos Ríos de Cedeira (ARCE) con NIF G70521745.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Banda de Música Vila de Cedeira, con NIF G15812530 para o ano 2023.

O 19 de maio de 2023 asinouuse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 11.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 22 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 11.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, a Banda de Música Vila de Cedeira, con NIF G15812530.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.



Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Agrupación Voluntarios Protección Civil de Cedeira, con NIF G15760143 para o ano 2023.

O 19 de maio de 2023 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 14.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 e 6.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.789.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 22 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 14.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 e 6.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.789.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, a Agrupación Voluntarios Protección Civil de Cedeira, con NIF G15760143.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN SAN ANDRÉS DE TEIXIDO-EVENTOS DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.05.2023, que literalmente di:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN SAN ANDRÉS DE TEIXIDO-EVENTOS DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación San Andrés de Teixido- Eventos de Cedeira con NIF G70536842 para o ano 2023.

O 19 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 3.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 22 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, a Asociación San Andrés de Teixido- Eventos de Cedeira con NIF G70536842.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURALS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 24.05.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/A002/000002”

Asunto: Aprobación de concesión de subvencións en réxime de concorrancia competitiva para entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas mediante



resolución de alcaldía núm. 151/2023 de 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 5 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2022.

Consta no expediente Acta de comisión de valoración de data 23 de maio de 2023 que outorga avaliación ás solicitudes presentadas.

Visto o informe favorable de Intervención de data 24 de maio de 2023 relativo á proposta de concesión da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a entidades e asociacións socioculturais de Cedeira para o ano 2023.

SEGUNDO. Dispoñer con cargo á aplicación 334.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 45.000,00€ a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
SOCIEDADE ARTISTICA EIXIL	G15254758	3.921,64 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CERVO TARROIBA	G15615941	3.250,13 €
ASOCIACION DE PATCHWORK DE CEDEIRA	G70205182	2.954,66 €
MULLERES DA VILA	G70514534	3.330,71 €
RONDALLA DE CEDEIRA	G70511613	2.660,00 €
ASOCIACION DE MAIORES DE CEDEIRA	G70405733	2.954,66 €
AAVV SAN XULIAN DE MONTOTO	G15232507	1.500,00 €
AAVV SAN ROMAN	G70567714	2.954,66 €
DISCALZOS POLO FESTIVAL	G70478706	2.954,66 €
AAVV DE PIÑEIRO	G70327069	3.142,68 €
ASOCIACION CEDEIRA EN PE	G42834523	3.223,27 €
ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA	G70380506	3.008,38 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS	G15544018	4.324,55 €
AAVV SANTA MARIA DE REGOA	G15288228	3.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL AS ATURUXEIRAS	G70395561	1.820,00 €

TERCEIRO. Dispoñer con cargo á aplicación 334.789.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 15.000,00€ a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
SOCIEDADE ARTISTICA EIXIL	G15254758	1.508,45 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CERVO TARROIBA	G15615941	1.250,15 €
MULLERES DA VILA	G70514534	1.281,15 €
RONDALLA DE CEDEIRA	G70511613	600,00 €
AAVV SAN XULIAN DE MONTOTO	G15232507	1.053,85 €



AAVV SAN ROMAN	G70567714	1.136,50 €
DISCALZOS POLO FESTIVAL	G70478706	1.136,50 €
AAVV DE PIÑEIRO	G70327069	1.208,82 €
ASOCIACION CEDEIRA EN PE	G42834523	700,00 €
ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA	G70380506	1.157,16 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS	G15544018	1.663,42 €
AAVV SANTA MARIA DE REGOA	G15288228	1.270,81 €
ASOCIACION CULTURAL AS ATURUXEIRAS	G70395561	1.033,18 €

CUARTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 45.000,00€, con cargo a aplicación 334.489.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
SOCIEDADE ARTISTICA EIXIL	G15254758	3.921,64 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CERVO TARROIBA	G15615941	3.250,13 €
ASOCIACION DE PATCHWORK DE CEDEIRA	G70205182	2.954,66 €
MULLERES DA VILA	G70514534	3.330,71 €
RONDALLA DE CEDEIRA	G70511613	2.660,00 €
ASOCIACION DE MAIORES DE CEDEIRA	G70405733	2.954,66 €
AAVV SAN XULIAN DE MONTXOXO	G15232507	1.500,00 €
AAVV SAN ROMAN	G70567714	2.954,66 €
DISCALZOS POLO FESTIVAL	G70478706	2.954,66 €
AAVV DE PIÑEIRO	G70327069	3.142,68 €
ASOCIACION CEDEIRA EN PE	G42834523	3.223,27 €
ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA	G70380506	3.008,38 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS	G15544018	4.324,55 €
AAVV SANTA MARIA DE REGOA	G15288228	3.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL AS ATURUXEIRAS	G70395561	1.820,00 €

QUINTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 15.000,00€, con cargo a aplicación 334.789.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
SOCIEDADE ARTISTICA EIXIL	G15254758	3.921,64 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CERVO TARROIBA	G15615941	3.250,13 €
ASOCIACION DE PATCHWORK DE CEDEIRA	G70205182	2.954,66 €
MULLERES DA VILA	G70514534	3.330,71 €
RONDALLA DE CEDEIRA	G70511613	2.660,00 €
ASOCIACION DE MAIORES DE CEDEIRA	G70405733	2.954,66 €
AAVV SAN XULIAN DE MONTXOXO	G15232507	1.500,00 €



AAVV SAN ROMAN	G70567714	2.954,66 €
DISCALZOS POLO FESTIVAL	G70478706	2.954,66 €
AAVV DE PIÑEIRO	G70327069	3.142,68 €
ASOCIACION CEDEIRA EN PE	G42834523	3.223,27 €
ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA	G70380506	3.008,38 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS	G15544018	4.324,55 €
AAVV SANTA MARIA DE REGOA	G15288228	3.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL AS ATURUXEIRAS	G70395561	1.820,00 €

SEXTO. Notificar a presente Resolución ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SÉTIMO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA COMISIONS DE FESTAS DE CEDEIRA ANO 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 24.05.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/A002/000004”

Asunto: Aprobación de concesión de subvencions en réxime de concorrencia non competitiva para comisionos de festas de Cedeira ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencions dirixidas ás comisionos de festas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas mediante decreto de alcaldía número 155/2023, de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencions e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023

Consta no expediente Acta de comisión de valoración de data 23 de maio de 2023 que outorga avaliación ás solicitudes presentadas.

Visto o informe favorable de Intervención de data 24 de maio de 2023 relativo á proposta de concesión da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencions dirixidas ás comisionos de festas de Cedeira para o ano 2023.

SEGUNDO. Dispoñer con cargo á aplicación 338.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 4.000,00€ a favor das seguintes entidades:



- a) 1.333,33€ Comisión de festas San Cosme e San Roque con NIF V70571864
- b) 1.333,33€ Comisión de festas San Román con NIF V70571237
- c) 1.333,33€ Comisión de festas San Antonio do Corveiro con NIF V72467061

TERCEIRO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 4.000,00€, con cargo a aplicación 338.489.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base sexta das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

- d) 1.333,33€ Comisión de festas San Cosme e San Roque con NIF V70571864
- e) 1.333,33€ Comisión de festas San Román con NIF V70571237
- f) 1.333,33€ Comisión de festas San Antonio do Corveiro con NIF V72467061

QUINTO. Notificar a presente Resolución ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SÉTIMO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E ASOCIACIONES DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.05.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/A002/000003”

Asunto: Aprobación de concesión de subvencions en réxime de concorrencia competitiva para entidades e asociacións deportivas de ámbito municipal de Cedeira ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencions destinadas a entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas mediante resolución de alcaldía núm. 153/2023 de 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 5 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencions e publicado no BOP de data 14 de abril de 2022.

Consta no expediente Acta de comisión de valoración de data 24 de maio de 2023 que outorga avaliación ás solicitudes presentadas.

Visto o informe favorable de Intervención de data 24 de maio de 2023 relativo á proposta de concesión da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a entidades e asociacións deportivas de Cedeira para o ano 2023.

SEGUNDO. Dispoñer con cargo á aplicación 341.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 45.000,00€ a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	NIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	6.459,93 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	6.085,44 €
CEDEIRA SD	G15148802	5.898,19 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	5.945,01 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	7.677,02 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	3.698,07 €
DISCALZAS SD	G70529409	4.000,00 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	3.136,34 €
CLUB BUCEO	G15902000	2.100,00 €

TERCEIRO. Dispoñer con cargo á aplicación 341.789.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 15.000,00€ a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	NIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	2.341,52 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	2.205,78 €
CEDEIRA SD	G15148802	2.137,91 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	2.154,87 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	2.782,67 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	1.340,43 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	1.136,82 €
CLUB BUCEO	G15902000	900,00 €

CUARTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 45.000,00€, con cargo a aplicación 341.489.00, retendo o o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	NIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	6.459,93 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	6.085,44 €
CEDEIRA SD	G15148802	5.898,19 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	5.945,01 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	7.677,02 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	3.698,07 €
DISCALZAS SD	G70529409	4.000,00 €



CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	3.136,34 €
CLUB BUCEO	G15902000	2.100,00 €

QUINTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 15.000,00€, con cargo a aplicación 341.789.00, retendo o o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	NIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	2.341,52 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	2.205,78 €
CEDEIRA SD	G15148802	2.137,91 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	2.154,87 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	2.782,67 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	1.340,43 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	1.136,82 €
CLUB BUCEO	G15902000	900,00 €

SEXTO. Notificar a presente Resolución ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SÉTIMO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA “SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA “SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022

Expte. 2022/C003/000002

D. Antonio Blanco Martínez, con NIF 34595624J, en representación da empresa HORDESCON S.L., con C.I.F. núm.B32108334, adxudicataria das obras “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas”, presentou a seguinte documentación con data 02.05.2023 (R.E. 2023/999/958):

- Certificación núm. 1 polo importe de 32.465,33 €
- Fotografía do cartel de obra.

A factura correspondente á certificación de obra núm. 1, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:



- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1165, de data 02.05.2023, nº de factura FE23 24, correspondente á certificación nº 1 da obra “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas” por importe de 32.465,33 €

Con data 15 de maio de 2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobación da certificación de obra núm. 1 da obra “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas” polo importe de 32.465,33 € e a correspondente factura do mesmo importe.

2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

4.- Notificar este acordo á empresa adjudicataria e ao director da obra.

5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

14. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA “MELLORA NA MOBILIDADE E NA REDE DE DRENAXE NA RÚA REGUEIRO”

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA “MELLORA NA MOBILIDADE E NA REDE DE DRENAXE NA RÚA REGUEIRO”

Expte. 2023/C003/000006

D.^a Rebeca Sánchez Naveira, con NIF 32829637N, en representación da empresa AMBIENTUM, TRATAMIENTO GLOBAL DEL MEDIO AMBIENTE, S.L., con C.I.F. núm.B70517024, adjudicataria das obras “Mellora na mobilidade e na rede de drenaxe na Rúa Regueiro”, presentou a seguinte documentación con data 03.05.2023 (R.E. 2023/999/967):

- Certificación núm. 1 polo importe de 17.108,57 €



A factura correspondente á certificación de obra núm. 1, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1417, de data 24.05.2023, nº de factura 23FAP 3 correspondente á certificación nº 1 da obra “Mellora na mobilidade e na rede de drenaxe na Rúa Regueiro” por importe de 17.108,57 €.

Con data 24.05.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 1 da obra “Mellora na mobilidade e na rede de drenaxe na Rúa Regueiro” polo importe de 17.108,57 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 4.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

15. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021

Expte. 2021/C003/000001

D. Rubén Ferrero Pérez, con NIF 71035945P, en representación da empresa MERAKI CR S.L., con C.I.F. núm. B06909501, adxudicataria das obras “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras”, presentou a seguinte documentación con data 03.05.2023 (R.E. 2023/999/963):

-- Certificación núm. 5 polo importe de 15.825,26 €

-



A factura correspondente á certificación de obra núm. 5, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1183, de data 03.05.2023, nº de factura 2023_A05_01, correspondente á certificación nº 5 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” por importe de 15.825,26 €.

Con data 15.05.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 5 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” polo importe de 15.825,26 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

16. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 24.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Nº Expediente: 2021/C003/000002

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.03.2023 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Ampliación do saneamento en As Pontigas”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.



Con data 28.03.2023 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	CONSTRUCC FEGO ATLÁNTICO, S.L.	14/04/23 16:10

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 26 e 27 de abril de 2023 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando admitidas todas elas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A única oferta presentada é a seguinte:

Licitador	Oferta económica (Sin IVA) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres fixas
CONSTRUCC FEGO ATLÁNTICO S.L.	81210,20	27	21	1

3.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Oferta anormal	% fixos plantilla	Puntos fixos plantilla	% mulleres fixas	Puntos mulleres fixas	Puntuación total
CONSTRUCC FEGO ATLÁNTICO S.L.	6,27	Non	77,78€	11,67	4,76€	1,98	19,92

4.- A oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO S.L. considérase correcta. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

5.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- g) Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN



Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. CIF: B70331129
Importe:	81.210,20 € + 17.054,14 € (IVE). TOTAL: 98.264,34 €
Prazo de execución:	4 meses

Con data 12.05.2023 a empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. presentou a documentación que foi requirida. Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 24.05.2023. emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Ampliación do saneamento en As Pontigas” a favor do seguinte licitador:

Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. CIF: B70331129
Importe:	81.210,20 € + 17.054,14 € (IVE). TOTAL: 98.264,34 €
Prazo de execución:	4 meses

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO S.L., S.L., adxudicatario da obra “Ampliación do saneamento en As Pontigas” o presente acordo.

4.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

5.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

17. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA PARA O ANO 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.05.2023, que literalmente di:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA PARA O ANO 2023

A Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira, dedícase, entre outras, a tarefas de salvamento marítimo, cobertura de eventos e entrega de alimentos a persoas necesitadas.

Resultando que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades e o funcionamento da Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria.

Visto o informe de Secretaría de data 24.05.2023 e Intervención de data 25.05.2023.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 335/2019 de 26 de xuño.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Conceder á Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira, con NIF Q2866001G, unha subvención por un importe máximo de TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 135 48900 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2023, para contribuír a financiar os gastos de funcionamento da Asociación.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

Anexo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA



En Cedeira, a **** de 2023

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Paulino López Díaz, provisto de D. N. I. Núm. 32.602.427-L, na súa condición de Presidente da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira con C. I. F. Q2866001G e domicilio social en Puerto s/n, Cedeira, A Coruña.

Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira, dedícase, entre outras, a tarefas de salvamento marítimo, cobertura de eventos e a formación do Equipo de Resposta Básico en Emerxencias (ERBE) co obxectivo de ofrecerse ao Concello para axudar.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades e o funcionamento da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira .

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data **** de 2023 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira. A competencia municipal está amparada no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local relativo a Policía Local, protección civil, prevención e extinción de incendios; e no artigo 25.2.e) relativo á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha achega de 3.800 €, con cargo á partida 135 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2023, que se destinará ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

TERCEIRA.- Obrigas do beneficiario.

A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos e/ou actividades obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.



Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

1. C. I. F. da entidade
2. Certificado do Secretario da composición da Xunta Directiva e da capacidade do presidente para firmar o convenio.
3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2023, referidos ás actividades subvencionadas.
5. Declaración responsable asinada polo Secretario da Xunta Directiva, na cal se determinará que se comprenden todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. No presente caso, por superar o importe subvencionado a contía de 3.000,00 € será necesario para a sinatura do convenio, que se acredite a devandita situación de cumprimento coas obrigas tributarias e a Seguridade Social, a este efecto, coa sinatura do presente convenio se autoriza a comprobación polo Concello destas circunstancias; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.
6. Certificado do secretario da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.

No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira, en particular:

- Gastos de electricidade
- Gastos de teléfono e ADSL
- Produtos sanitarios
- Produtos de limpeza
- Material de oficina
- Combustible
- Seguros
- Vestiario
- Material de equipo de socorrismo
- Reparacións e adaptacións de vehículos de titularidade da asociación
- Gastos de ferraxería
- Gastos relativos ao funcionamento ou reparación de embarcacións de titularidade da asociación.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.



SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2024** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.

2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.

3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.

4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.

- A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.

- A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.

7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.

8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2023.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira.



UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado , a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

Pola Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

O Presidente
Paulino López Díaz

A SECRETARÍA

Ana Velo Ruiz”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

18. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA PARA O ANO 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.05.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA PARA O ANO 2023

A Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, en adiante ANPA, dedícase, entre outras, a promover actividades e cursos de formación que se desenvolven no centro de ensino sinalado.



Resultando que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria.

Visto o informe de Secretaría de data 24.05.2023 e Intervención de data 25.05.2023.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 335/2019 de 26 de xuño.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Conceder á Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, con NIF G15376692, unha subvención por un importe máximo de DEZ MIL EUROS (10.000,00 EUROS), con cargo á aplicación orzamentaria 324 48900 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2023, para contribuír a financiar os gastos de funcionamento da Asociación.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.



Anexo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA

En Cedeira, a ***** de 2023

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Mónica Pérez Rodríguez, provisto de D. N. I. Núm. 32688944X, na súa condición de Presidenta da Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira con C. I. F. G15376692 e domicilio social en Rúa do Ensino s/n, Cedeira.

Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, en adiante ANPA, dedícase, entre outras, a promover actividades e cursos de formación que se desenvolven no centro de ensino sinalado.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da ANPA, dentro das competencias municipais de promoción da ocupación do tempo de lecer, promoción da cultura i equipamentos culturais, promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data ***** de 2023 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a ANPA, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da ANPA, e en particular as seguintes actividades:

- Cursos de formación co obxectivo de integrar no mundo laboral aos seus participantes.
- Servizo de préstamo de libros
- Participación en proxectos educativos coorganizados co IES Punta Candieira.
- Actividades destinadas a promoción da cultura e deporte na xuventude (cursiños, concertos, concursos, exposicións, ...)
- Programas destinados a promoción da saúde física e mental na xuventude
- Gastos de material de oficina, xestoría, incluídos os de seguros sociais que teña contratado a asociación para o desenvolvemento das actividades propias do seu obxecto social.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio unha subvención económica cunha achega de 10.000 €, con cargo á partida 324 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2023, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola ANPA.

TERCEIRA.- Obrigas do beneficiario.

A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar ou coorganizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.



- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

1. C. I. F. da entidade
2. Certificado do Secretario da composición da Xunta Directiva e da capacidade do presidente para firmar o convenio.
3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2023, referidos ás actividades subvencionadas.
5. Declaración responsable asinada polo Secretario da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. No presente caso, por superar o importe subvencionado a contía de 3.000,00 € será necesario para a sinatura do convenio, que se acredite a devandita situación de cumprimento coas obrigas tributarias e a Seguridade Social, a este efecto, coa sinatura do presente convenio se autoriza a comprobación polo Concello destas circunstancias; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.
6. Certificado do secretario da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.

No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da ANPA incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Gastos de persoal e empresas das actividades obxecto do convenio
- Gastos de administración (xestería)
- Material didáctico ou de oficina
- Gastos de desprazamento e material funxible para realización de actividades e a elaboración dos produtos requiridos no desenvolvemento de ditas actividades.
- Seguros de responsabilidade civil

Os gastos de persoal serán subvencionables sempre que se xustifique, aínda que sexa mediante declaración xurada, que as contratacións de persoal non se realizan con persoal ou entidade vinculada coa ANPA, entendendo como tal, o recollido no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O persoal contratado deberá aportar Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, se procede segundo o disposto no artigo 13.5 da Lei 26/2015.

En ningún caso serán subvencionables os importes de agasallos e atencións protocolarias de similar natureza, que de selo caso serán asumidas por ingresos propios da ANPA.



Non son obxecto desta subvención os investimentos, entendendo como tales os gastos de natureza inventariable; tendo esa consideración os bens inmoables, moables e outros susceptibles de inventario i, en todo caso, aqueles cun importe unitario superior a 100 €.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificada o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2024** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.

2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.

3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.

4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.

- A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.

- A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o receptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.

7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.

8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.



O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2023.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a ANPA.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado , a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

Pola ANPA

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

A Presidenta
Mónica Pérez Rodríguez

A SECRETARÍA

Ana Velo Ruiz”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

19. ASUNTOS VARIOS.

Pola Tesoureira municipal sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, o seguinte informe-proposta:

19.1 ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 26.05.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Data: 26.05.2023

Expediente: 2023/X999/000056

ANTECEDENTES

- Solicitud 20220000003997 de Rocío Vilela Caamaño de anulación e modificación do recibo con nº fixo 253000642704 por non ser a propietaria por adxudicación do inmovible a Francisco Manuel Zaera Pérez en sentenza de divorcio.
- Achégase ao expediente sentenza 00025/2019 de 19 de febreiro de 2019 do Xulgado de Ortigueira pola que se declara disolto por divorcio o matrimonio entre Rocío Vilela Caamaño e Francisco Manuel Zaera Pérez e se aproba o convenio regulador de liquidación da sociedade de gananciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 335/2019 de 26 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación



Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 05.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

Achégase ao expediente sentenza mencionada nos antecedentes na que se recolle o convenio regulador do divorcio e, polo que aquí interesa, se outorga o 100% do pleno dominio da “vivenda sita en la Calle Horta de Cedeira, portal 3, piso terceiro izquierda” a Francisco Manuel Zaera Pérez.

Compróbase no Catastro que nos datos do inmovible con nº fixo 253000642704 figuraban desde o 2008 ata o 2022 como propietarios ambos cónxuxes. Que no 2023 figuran como propietarios outras persoas, constando a alteración en Catastro desde o 24 de maio de 2022 por comunicación notarial de cambio de titularidade e que ningún dos cónxuxes consta como propietario de ningún outro inmovible.

Dase por veraz a información subministrada e considérase que procede a anulación dos recibos emitidos en 2021 e 2022 tal e como pide a solicitante dado que ésta aparece como suxeito pasivo contribuínte nos citados exercizos, e de acordo coa sentenza, a propiedade xa non lle correspondía.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos seguintes:



Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000642704	20223515022RL01R000791	RÚA HORTA NOVA 3	ROCIO CAAMAÑO VILELA	2022	62.40
253000642704	20213515022RL01R000786	RÚA HORTA NOVA 3	ROCIO CAAMAÑO VILELA	2021	62.40

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000642704	20223515022RL01R000791	RÚA HORTA NOVA 3	ROCIO CAAMAÑO VILELA	2022	62.40
253000642704	20213515022RL01R000786	RÚA HORTA NOVA 3	ROCIO CAAMAÑO VILELA	2021	62.40

SEGUNDO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:43 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

PABLO DIEGO MOREDA GIL

ANA VELO RUIZ